

AS PLANTAS

C aracterísticas e partes das plantas

¿QUE SON AS PLANTAS?


As plantas son **seres vivos**: nacen, crecen, reproducense e morren.

Todas as plantas teñen **raíz**, **talo** e **follas**. Algunhas plantas, ademais, teñen **flores**, que, máis tarde, se van converter en **froitos**. Dentro do froito están as **sementes**, e de cada semente nace unha nova planta.

¿ COMO SE ALIMENTAN LAS PLANTAS?

A raíz encóntrase baixo a terra. As plantas absorben a **auga** e as **substancias** do solo a través da raíz. Estas substancias ascenden polo talo e chegan ata as follas, onde a planta fabrica o seu propio alimento. Para iso, necesita a luz do sol.

Todas as plantas necesitan luz, aire e auga para vivir.



1º


Contesta.

- Por que as plantas non poden fabricar o seu alimento de noite?

- As plantas poden desprazarse? Por que?

2º

Para aprender que tipos de plantas hai, completa o esquema: a) escribe; b) ordena; c) relaciona.



3º Ordena do 1.º ao 4.º, elixe e completa.



froitos - terra - flores - planta

Plántase unha semente na _____.

Despois dun tempo, a semente xermola e nace

a _____.

A planta crece e saen as _____.

Finalmente, as flores convértense

4º Completa as frases con estas palabras:

terra follas ramas planas

raíz talo verdes



A _____ é a parte da planta que está baixo _____.

Suxeita a planta ao chan.



O _____ é a parte da planta que sostén as follas. Pode ter _____

e é máis ou menos grosso e duro.



As _____ adoitan ser _____ e saen do talo ou das ramas. A súa forma

varía moito, pero adoitan ser _____.